



GUÍA DOCENTE DE PLANIFICACIÓN DE AULA E DINÁMICAS EDUCATIVAS

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: PLANIFICACIÓN DE AULA E DINÁMICAS EDUCATIVAS										
ESPECIALIDADE	Pedagogía				ITINERARIO				Xeral e da linguaxe musical	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.								3	Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Modelos e técnicas pedagóxicas derivados dos principios da educación. A comunicación e a interacción didáctica. A globalización e a individualización do ensino. Os modelos socializados. Novas tecnoloxías e medios de comunicación. Organización e xestión do aula. Estratexias de ensino.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os correspondentes a materia de Teoría da Educación, Psicopedagogía e Didáctica Xeral
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Esta disciplina está relacionada con Didáctica Xeral, Psicopedagogía, Teoría da Educación e Técnicas de Aula.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	1, 3, 4, 8, 14, 15, 16, 17
COMPETENCIAS XERAIS:	5, 17, 19, 27
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	1, 2, 5, 8, 9
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer os modelos e técnicas pedagóxicas dos principios da educación e das diferentes teorías xerais do aprendizaxe.	T15 T17 X17 X19 EP1
Coñecer a necesidade de organización na aula	T1 T3 T4 T8 X19 X27 EP5 EP8
Reflexionar sobre como crear ambientes de aprendizaxe: regras e procedementos, ambiente físico, problemas de relación entre alumnos e conflito alumno-profesor.	T3 T14 T17 X5 X19 EP1 EP2 EP8
Estudar o papel do profesor e as situacións en que se aplican os formatos de conferencia, traballo individual, tarefa na casa, indagación e debate grupal, novas tecnoloxías,...	T1 T3 T15 X17 X19 EP1 EP2 EP5
Coñecer os factores que facilitan a aprendizaxe autorregulado, a aprendizaxe social e o emocional e a importancia da tolerancia nas aulas.	T1 T3 T8 X5 X17 X19 EP1 EP5
Coñecer os distintos modos de avaliación auténtica e os efectos (positivos e negativos) que teñen as cualificacións nos alumnos.	T3 T14 T15 X5 X17 X19 X27 EP2 EP 9



#### 4. CONTIDOS

A motivación, a globalización, a individualización, a socialización, a actividade e a creatividade no ensino. Técnicas e modelos. Ensino da autorregulación e a tolerancia.

A creación de ambientes de aprendizaxe: organización, estratexias. Novas tecnoloxías.

A comunicación profesor-alumno, profesor-nais e pais, alumno-alumno. Resolución de conflitos: a mediación, a tutoría entre iguais, o traballo cooperativo, a comunidade de traballo,...

A planificación: a programación constructivista.

Técnicas de avaliación: probas estandarizadas, a avaliación auténtica, criterios de cualificación. Ferramentas de avaliación.

#### 5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición maxistral	Presencial	Durante o cuadrimestre
Práctica individual: estudo, análise de casos, lectura guiada e comentario de fontes.	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Práctica colectiva: análise de casos, debates, traballo cooperativo, dinámicas de grupo,....	Presencial	Durante o cuadrimestre
Tutorías individuais e grupais.	Presencial	Durante o cuadrimestre
<u>Actividades de avaliación: probas, revisións,....</u>	Presencial	Ó final do cuadrimestre

#### 6. AVALIACIÓN

Haberá dous tipos de avaliación: a ordinaria e a extraordinaria.

A ordinaria terá en conta a asistencia dos alumnos ademais dos exames, traballos, exposicións e participación nas actividades complementarias que se consideren adecuadas. Se o alumno perdera a avaliación continua por faltas de asistencia ( serán determinadas pola CCP de cada centro), realizará a avaliación alternativa na que substituirase o porcentaxe da asistencia por un exame ou traballo complementario. A avaliación ordinaria terá lugar no mes de maio.

A avaliación extraordinaria se contempla para os alumnos que non aprobaran a avaliación ordinaria e se realizará no mes de xullo.

O alumno terá un total de catro convocatorias para superar a disciplina.

Tanto na avaliación ordinaria como na extraordinaria será imprescindible sacar unha nota mínima de 5 en cada un dos apartados.